

# FESTIVAL LADESOL 2020

## Boa vista-Brasil

Estimados compañeiros/as:

Un ano mais, dispoñémonos a organizar o **FESTIVAL LADESOL**. É preciso que todos poñamos algo da nosa parte para que se poida ver que é unha actividade colexial, na que **TODOS SOMOS PARTE INDISPENSABLE**. O noso papel como educadores/as é primordial xa que a labor de sensibilización que facemos pode motivar aos nosos alumnos e alumnas a participar ou colaborar dalgún xeito. Por todo isto, **GRAZAS ANTICIPADAS**.

Co obxectivo de que teñades información e saibades como orientar aos vosos alumnos/as, recordámosvos os datos máis relevantes:

- **Data do Festival:** Xoves, 26 de marzo de 2019
- **Hora:** 19.30 horas.
- **Lugar:** Salón de Actos do Colexio (aforo limitado polo nº de butacas).
- **Prezo:** 4 € (inclúe LAZO como símbolo do Festival).
- Haberá **FILA CERO**, para aqueles que, querendo colaborar, non poidan asistir.

### 1. **PARA PARTICIPAR:**

- a. Actuacións variadas (cancións, baile, monólogos,...). O número de actuacións será limitado (arredor de 12). As actuacións non deben exceder os 3 minutos.
- b. Para inscribirse no Festival deberán cubrir un formulario a través dun enlace que será publicado na páxina web do colexio, cumprimentando os seguinte datos:
  - Nome dos participantes (No caso de ser alumnos do colexio especificar curso).
  - Nome do grupo en caso de telo.
  - Tipo de actuación (baile, canción...).
  - Título da actuación.
  - Material necesario: Micrófonos, base musical para reproducir por megafonía, vídeo para proxectar...
  - No caso de traer instrumentos especificar cales son e que material precisan para utilizalos.
  - Duración da actuación.
  - Teléfono de contacto.

- c. Existirá unha dirección de correo electrónico ([festival.ladesol.ou@gmail.com](mailto:festival.ladesol.ou@gmail.com)) no que poderán facer calquera consulta que precisen.
- d. Admítense artistas ou grupos de fóra sempre e cando cumbran os requisitos arriba mencionados.
- e. **A data límite para apuntarse será o venres 13 de marzo.**

## 2. ENSAIOS:

- a. Os artistas poderán ensaiar no Salón de Actos do Colexio durante a semana do Festival. As tardes establecidas para estes efectos serán o 24 e 25 de marzo e avisarase dos mesmos a través dunha chamada telefónica ou correo electrónico. Os ensaios sempre estarán baixo o control dalgún responsable da organización do festival.

## 3. ESPECTADORES:

- a. Todo o mundo pode asistir, estea ou non vinculado co Colexio.
- b. A **venta de entradas anunciarase por distintos medios** e realizarase na Secretaría do Colexio, nas semanas previas ao Festival.

## 4. VOLUNTARIADO:

- a. Os alumnos de 1º de Bacharelato da asignatura de Relixión e voluntariado serán os encargados de exercer de acomodadores durante o Festival.

# GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN